

RESOLUCIÓN CONXUNTA ENTRE A VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E A XERENCIA QUE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO PARA O EXERCICIO 2023

En aplicación da Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto para o exercicio, esta vicerreitoría xunto coa Xerencia da UDC establece que o prazo para solicitar os expedientes de tramitación anticipada se iniciará o día de publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico e rematará nos prazos seguintes:

- O día **02/11/2022** para que a solicitude teña **entrada no RAE** correspondente
- O día **08/11/2022** para a que solicitude teña **entrada en VEPES** (portafirmas)
- O día **24/11/2022** como data límite de **entrada no Servizo de control interno** (rdoc.intervencion@udc.gal)
- O día **30/11/2022** como data límite de **saída** dende o **Servizo de control interno**
- O día **05/12/2022** para que teñan entrada na vicexerencia de Economía e Finanzas (rdoc.xerencia@udc.gal) aquelas solicitudes devoltas sen fiscalizar polo Servizo de control interno para a súa contabilización (punto 6 da Instrución de tramitación anticipada).

Finalizados o ditos prazos, non se tramitará ningunha solicitude, agás autorización expresa de VEPES e a Xerencia, logo dunha solicitude motivada.

No caso de financiamento propio, os importes para o exercicio 2023 de cada aplicación son os que se corresponden cos créditos iniciais no Orzamento 2023. No caso de financiamento alleo, os importes para o exercicio 2023 serán os correspondentes ás contías concedidas polo organismo financiador para a anualidade 2023.

No caso de que a aplicación orzamentaria que se inclúa na solicitude sexa de nova creación (sen crédito inicial no Orzamento 2023) ou no caso de que a aplicación, aínda tendo crédito inicial no exercicio 2022, sufrise calquera modificación na súa codificación ou denominación con posterioridade á aprobación do orzamento, indicárase expresamente esta circunstancia no campo "descricao" do Portafirmas.

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

O vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica e o xerente

Código Seguro De Verificación	A5LC88A1a3wsW6W18CR8VQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/10/2022 17:13:27
Observacións	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	13/10/2022 15:43:31
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/A5LC88A1a3wsW6W18CR8VQ==	Páxina	1/1
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

